

ELPROGRESO

Marco García, profesor de Monterroso: "Empecei a escribir as historias que me contaran"

O autor do poemario *Ulla, Ulloa, Ulloáns*, asentado en Dublín dende hai dez anos, entregou un exemplar da súa primeira obra á biblioteca monterrosina

[Marta Río](#) 11/07/25

<https://www.elprogreso.es/gl/articulo/ulloa-melide/marco-garcia-vaquero-profesor-poeta-monterroso/202507071851371893520.html>

Asentado en Irlanda, o escritor [monterrosino](#) **Marco García Vaquero** publica o seu primeiro libro *Ulla, Ulloa, Ulloáns*. Tras estudar Veterinaria en Lugo desenvolveu a súa carreira en Santiago de Compostela e actualmente é profesor de ciencia dos alimentos na Universidade de **Dublín**. Agora, o autor prevé presentar o poemario na súa terra en agosto.

Na dedicatoria do seu libro firma a todos os ulloáns "vivan onde vivan". Esta obra chega tamén a quen non é da Ulloa?

Eu creo que todo o mundo pode relacionarse con esa idea. Na comarca do Ulla sentímonos moi conectados ao río e a este sentimento. Aquí en Galicia sempre terás un monte, unha montaña, outro río; algo ao que te sentes moi conectado. Case todos os temas que se tratan pódense relacionar, fala dun sentimento de pertenza á natureza.

Galicia é unha terra chea de historias. Algunha da súa infancia que lembre con especial cariño?

Unha das veces que crucei polo río había uns nenos xogando como o faciamos nós, subíanse á varanda e saltaban á auga. A nai dun dos nenos chamoulle a atención, "baixa de alí, que vas levar", como nos dicían a nós. Resulta que esa nai era amiga miña, e ségueo sendo, dicindo o mesmo que nos dicían de pequenos. Fíxome gracia a transgresión de xeracións, dunha á outra no mesmo lugar.

Que lle leva a escribir un libro tan conectado á terra tras máis de dez anos vivindo lonxe?

Cada vez que volto, sorpréndeme a cantidade de tempo que pasamos ao lado do río, a cantidade de historias, celebracións e andainas que facemos. Dunha desas naceu todo. Empecei a escribir as historias que me contaran, que aínda non sei se son verdade ou non. Intentei reflexionar sobre por que o río é tan importante para nós, para a comarca e para os ulloáns.

Tanto pola súa poesía como pola súa carreira, é unha persoa unida á natureza. De onde vén a conexión?

Partimos de que Monterroso está en plena natureza, estamos conectados coa natureza. Sempre hai unha conexión especial coa terra, co río, co aire, con calquera cousa, independentemente de onde vivamos, en Lugo, en Santiago ou en Irlanda. Eu traballo moito no medio natural e estou moi influenciado por iso.

Volvería a Galicia?

Sinceramente si, pero tería que ser unha oportunidade similar á que estou desfrutando aquí. Cada vez que teño tempo libre volvo a Monterroso, todos os anos e ás veces máis, cada vez que hai festa. A miña familia segue estando aí.

Din que Irlanda é moi parecida a Galicia na súas paixases, na súas historias, sénteo similar?

Moi parecida, a xente é moi similar. Eu dedico o meu libro a todos os ulloáns, xente que contamos moitas historias, aquí é igual. Algo que me fascina son as lendas que temos en común, aínda que con certas diferencias. Por exemplo, en ambas temos damas da auga pero aquí en Irlanda poden ser boas ou malas; na miña zona son sempre boas. Fascíneme que haxa tantas coincidencias entre os dous lugares.

Que destaca da súa poesía?

Supoño que este tema non está tan actual, tirei polo tradicional. Creo que intentar facer a túa poesía máis moderna non ten sentido, o mellor é escribir do que ti crees. Ti non o sabes, pero sae así.

Ten algunha viaxe proxectada a Monterroso proximamente?

Temos pensado facer unha presentación en agosto, pero aínda quedan cousas por confirmar.